



TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

**DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)**



Transición de transeo

Inés Rey García

Alcaldesa da Coruña

A entrada “transición” ten dúas acepcións no dicionario da Real Academia Galega. Di a primeira que se trata do “Paso dun estado a outro, dunha situación a outra etc., sen cambios bruscos”, unha idea de “paso” que xa está presente desde o verbo latino *transeo*, que deu orixe ao substantivo abstracto.

A evolución que evoca esta exposición mostra España dando un paso esencial, aquel que nos permitiu abandonar un réxime autocrático e autoritario camiñando pola senda democrática e de liberdades. A documentación que está aquí reunida condensa algúns deses fitos esenciais dun camiño que o noso país iniciou coa conciencia plena de cara onde quería ir e, máis aínda, por onde non quería pasar nunca máis. Sobre o carácter pouco súbito ou brusco do cambio en cuestión da noticia o facto de que, para a maioría de especialistas, o momento inicial da transición á democracia en España deba fixarse no falecemento “natural” do ditador, aínda que, por suposto, o contexto, o ambiente no que ese proceso puido darse viñera agromando desde máis lonxe. Pero esa ausencia de quebra súbita do réxime é a que ten permitido identificar a transición á democracia en España como un proceso no que, quizá por primeira vez na nosa historia, a Constitución democrática que ve a luz nese momento non se asentaba nunha vitoria contra “a outra metade”, ou como un deses “*trágala*” que permitiron a caracterización da nosa historia constitucional como o resultado dun movemento pendular entre

progresismo e conservadorismo. Malia que se poida discrepar desa idea, formulada hai case cen anos por Adolfo Posada, non é menos certo que a Constitución de 1978 é, por primeira vez, o froito dun acordo nos aspectos esenciais que debía incorporar esa transición, que debían ir sumándose nese camiño. De aí que quizá non erremos ao considerar que a palabra que mellor caracteriza a transición española é, precisamente, consenso, esa consonancia xeral que é, finalmente, a que permite a discrepancia democrática, pois calquera diverxencia política presupón a previa aceptación da converxencia no esencial, nos fundamentos de orde da comunidade.

O consenso dá pé a poder estar en desacordo en todo aquilo que pode resolverse pola conxuntural maioría democrática, dá lugar a unha vida democrática na que a lexítima discrepancia política reconece o acordo nos aspectos fundamentais, basicamente o propio proceso político democrático e as liberdades e dereitos fundamentais, así como, especialmente no noso caso, as cuestións de organización territorial, tan vinculadas á idea de diversas identidades nacionais coexistentes en España como nación constitucional. Tal vez, para que ese paso houbera de chegar a onde a propia Constitución de 1978, algo enigmáticamente, di que ha de conducir (a sociedade democrática avanzada), debía comezar dándose devagar e por iso transitamos. E, por iso tamén, máis que precisar moito tempo para facelo, España fíxoo firmemente e implicando a amplas maiorías pois, como tamén esta mostra nos permite recordar, os inimigos da democracia e das liberdades conviviron coa transición e estiveron dispostos a poñer en risco o avanzado nese camiño que, brusco ou non, acabou facéndose inescusábel, e ontologicamente irreversible na conciencia que a cidadanía adquiriu del. Eles foron os únicos que non consentiron renunciar, pero a cidadanía e os partidos –nacentes ou recuperados-, dun lado e doutro, houberon de apartar demandas históricas (na exposición dáse conta da renuncia de máis sona, a da

forma de goberno republicana, á que acompañaron moitas outras) para que a andaina puidera continuar, para que a transición non rematara abruptamente e para que fora un caso de éxito.

Os feitos acabaron por superar aquel debate entre reforma ou ruptura, porque aínda coas formas xurídicas da reforma (referendo da lei para a reforma política), a contradición entre o ordenamento autocrático (definido por si propio como inmutábel) e as normas do novo réxime democrático eran radicais, en sentido político e en sentido xurídico, pois rachaban coas raíces, cos fundamentos do franquismo.

Hai unha segunda acepción no dicionario académico para a palabra transición que, aplicándoa á transición do réxime de Franco á democracia constitucional de 1978 ten sido, de sempre, máis polémica. Porque esa acepción define a transición como un “(e) stado intermedio entre un estado inicial e un final” e non todos os estudos coinciden na identificación dese punto final da transición política española, cuxa duración estenden ou contraen, segundo os casos, en función do que consideren o fin do camiño. Certo é que a opción de considerar que tal foi a aprobación da Constitución de 1978 é a que conta con máis partidarios e probabelmente tamén a máis correcta dun punto de vista normativo; mais existen outras voces que defenden, por exemplo, que a transición remata cando se produce a plena democratización institucional da man das eleccións municipais de 1979 (que tamén reflicte a mostra), ou co fracaso do golpe de Estado do 23-F, que certifica a supervivencia do réxime de liberdades. Máis recentemente, algúns estudos consideran que só cando unha efectiva igualdade de xénero e de condicións sociais teña dado cumprimento á proclamación do artigo 14 da Constitución se poderá dar por rematado ese camiño.

Teño para min que, en realidade, esas visións son só aparentemente contrapostas. Pois o que realmente caracteriza ese réxime

democrático avanzado ao que a Constitución dixo aspirar hai máis de 40 anos é a súa constante transformación. Hoxe sabemos que a orixe da inclusión desta mención no preámbulo tiña unha natureza claramente emancipadora de clase e que, froito precisamente desas renuncias que caracterizaron a nosa transición, acabou mudando nesa expresión que unhas liñas atrás cualifiquei de enigmática. Porén, isto, paradoxalmente, tenlle outorgado, ao meu entender, un contido moito máis proteico, máis pleno e, por tanto, que permite unha adaptación mellor ao mudar dos tempos, porque nos invita a engadirlle ao noso modelo democrático as achegas dun camiño, este si, aínda non rematado. Todas as formas pendentes de inclusión, todas as arelas dunha sociedade consciente da necesidade de construír un modelo democrático nun proceso de mellora continua, como diríamos agora, de constante evolución democrática.

Acho que constitúe un erro concibir a transición española como un proceso sagrado, sen tacha. Pero non menor erro é negar, como se ten feito, mesmo coa mellor das intencións, o seu valor como fito fundacional dun marco de liberdades no que todas as ideas teñen cabida con tal de ser someter ás regras da discusión democrática e do respecto á dignidade de todas as persoas. Só quen descoñece a entidade dunha sociedade sen liberdades pode considerar frívolamente que a transición española foi un fracaso político que trouxo un remedo de réxime democrático para anestesiar conciencias. Lembrar o seu valor, como fai esta exposición que agora presento, constitúe un deber de todas aquelas que temos responsabilidades de goberno por vontade do pobo.

A transición a pé de rúa

Emilio Grandío e Miguel Gutiérrez

Comisarios da exposición

Da ditadura á democracia... Como foi posible converter a ditadura máis duradeira de Europa trala Segunda Guerra Mundial nunha democracia? As institucións políticas españolas eran, nos anos setenta, un vector totalmente desaxustado respecto da súa sociedade. Anacrónica. Absurda. A modernización económica xa comezara anos antes, precisábanse axustar as institucións ó contexto político europeo. Un camiño cun enorme esforzo cara á convivencia e a tolerancia, dotado dun elevado grao de incerteza. Boa proba é a publicidade política que se fixo na época e que tedes diante de vós. Cara a que futuro, cara a que modelo de democracia se camiñaba? Canta confianza era posible asumir?

A presión das rúas foi maior do que sempre nos contaron. A resistencia comezou dende un xeneralizado cambio de mentalidade nas novas xeracións. A revolta de Bazán do ano 1972 marcou en grande parte o inicio dunha nova realidade. O asasinato de Carrero Blanco, o 20 de decembro de 1973, deu de cheo na liña de flotación da ditadura. A súa perda foi considerada dende o interior do réxime como o anticipo do fin. Visualizouse a necesidade de procurar dentro da administración franquista posibilidades de futuro na que consideraban 'inevitable' democracia, aínda que sen data prevista. Só trala morte de Franco —porque a súa imaxe era o réxime—, se pode considerar aberto o futuro. Altos responsables franquistas convertíanse en defensores da nova democracia.

Moitos cambios en moi pouco tempo e sempre cun grao de incerteza e risco. Pero o certo é que, en pouco máis de tres anos, pasouse dun goberno directamente herdeiro da ditadura a instalar a estrutura básica do réxime representativo actual. Dende unha Lei de Reforma Política que permitiu pasar da ‘Lei á Lei’, ata as primeiras eleccións locais que dotaban ás institucións dunha tépeda representación municipal. Polo medio deste camiño houbo que percorrer unhas primeiras eleccións xerais, e elixir os membros dunha primeira lexislatura ‘constituínte’, nunca denominada realmente como tal. Para algúns, o remate do proceso de transición foi mesmo a aprobación da Constitución, o 6 de decembro de 1978. Nestes catro anos multiplicáronse as organizacións e partidos políticos, moitos inexistentes á morte de Franco, a condensar o sistema de partidos mediante coalicións, rápidas disolucións, procesos de unificación prolongados no tempo...

Naqueles anos en moitos asumíase o erro, porque o importante, o obxectivo final, era superar a convivencia rota trala guerra civil. Saltar de case corenta anos de desprezo a todo aquel que participara do mundo dos ‘derrotados’ —na trincheira social en que se converteu esta sociedade— a un proceso real de ‘reconciliación’ nacional. Tempos de cambio. De moita esperanza. Todo por construír. Ilusión nas facianas.

Aquelas eran campañas constantes de información e formación en valores democráticos. Grandes slogans. Recordadas cancións que convertían as voces populares dun grupo coma *Jarcha* en algo ‘político’, cando a ‘política’, só poucos meses antes, era considerada polas institucións algo negativo e perturbador. Dende logo, non por toda a sociedade. Facer legal a realidade daquel presente. Moitos carteis destes anos utilizaron o símil dun ceo abríndose: era certo que agromaban novas esperanzas.

Paredes cheas de siglas. De partidos e organizacións coa ilusión da primeira campaña, dos primeiros mitins. De actividades e accións de persoas e grupos que vían un futuro por edificar dende case a nada. A esperanza dos primeiros recontos, o retorno da xente ó voto libre e construtivo... Mesmo a aposta pola convocatoria dunhas eleccións a Cortes Xerais antes dunhas municipais supoñía un salto adiante, para tentar unha consolidación rápida da democracia. A folga de ruta realizada aprendía do anterior proceso dos anos trinta e saltaba as eleccións municipais para tentar consolidar o novo sistema. Aínda que nunca considerada como tal, esta foi unha convocatoria para unha Cámara ‘constituínte’, fundacional do novo réxime, nomeando deputados que construírían a nova Carta Magna.

A construción do novo marco xurídico non estivo exento de problemas. O traballo foi notable en ben pouco tempo. Foron ano e medio de debates na Cámara dos Deputados —e fóra, nas rúas e nos despachos— procurando acordos, un tras outro, para conseguir o marco de convivencia. Para moitos daqueles que fixeron este camiño dende a administración do Estado a aprobación da Constitución representaba en boa parte o final do camiño deseñado de saída. Para boa parte dos integrantes da UCD o propósito da súa entrada na política ‘democrática’ fora cuberto coa Carta Magna. A elaboración dunha nova Constitución víase como o paso fundamental que afastaba a ditadura e instauraba un novo réxime xurídico. Un paso sen marcha atrás. Mais o camiño da democracia non remataba aí, senón que debía coidarse día a día.

Pero tamén o percorrido desta exposición diríxenos os niveis máis elementais das institucións democráticas: a política local. Deseñábanse Concellos para vivir. Ideas novas para ese tipo de política que sempre se percibe como a máis real: a do teu día a día. Estas eleccións representan neste relato un axeitado final sobre

a transición a pé de rúa, dende a perspectiva da súa consolidación institucional democrática.

Pero ademais, a través desta Exposición podémonos achegar a sentir, a percibir dende lonxe as asembleas multitudinarias, a realización dos graffitis improvisados, a xestación de líderes de barro, a creación de partidos enteiros utilizados como ferramentas políticas e logo diluídos como azucarillo... E tamén cursos acelerados de democracia, edicións constantes de libros e coleccións para ensinarnos o que era aquilo, programas de televisión coma a anhelada 'La Clave' que se converteu en toda unha escola de cidadanía, o valor da novidade das enquisas consideradas case como probas anticipadas dos resultados...

O percorrido da Exposición pretende ser un relato natural, humano... Quérese contar o que aconteceu, non dende os papeis oficiais senón 'a pé de rúa'. Todos estes carteis, pasquíns e obxectos eran de uso común e cotián. O máis importante da Exposición non é debullar a linguaxe e a imaxe política utilizada naqueles anos, senón transmitir aquela enorme vitalidade e creatividade que se atopaba detrás de cada ollada, de cada pintada, de cada manifestación... Cada mitin anunciado neses pasquíns realizábase con miles de persoas. Cada cartel exposto colocábase en miles de paredes. Cada chisqueiro de propaganda distribuído pasaba polos ollos de centenaes de persoas ó acender un cigarro. Porque o que había era 'vida'. Liberdade. Cheiraba a cambio. A progreso.

Nos materiais da colección privada de Miguel Gutiérrez acompañarannos todas estas sensacións. A transición democrática resultou un período cheo de proxectos de futuro e mesmo de retornos o pasado, que nos fixo como somos. A pé de rúa.



Cartel do XXVII Congreso do Partido Socialista Obrero Español (Madrid, 4 ó 7 de novembro de 1976), o primeiro realizado trala guerra civil en España.

**POR UNHA GALICIA
SIN PARO NIN
EMIGRACION LOITA
POLA REPUBLICA**



**organizacion
comunista
de españa (bandera roja)**

Material: OCEBCE - Andre Corbeil

Diseno: Jorge V. V. 1987

Cartel da OCE-Bandera Roja no que reclama un sistema de goberno republicano. 1977.



Panfleto do PCG pedindo a liberdade para Santiago Álvarez e Santiago Carrillo, de decembro de 1976.

QUEREMOS TRABAJAR EN PAZ




Alianza Popular

**quiere para ti, Trabajador:
libertad y trabajo con bienestar**

ESPAÑA, lo único importante

Cartel de petición do voto para Alianza Popular (AP) nas primeiras eleccións xerais do 15 de xuño de 1977 : 'España, lo único importante'.

PSP
DE GALICIA




CARLOS ETCHEVERRÍA

tu candidato al Congreso


Candidatura ó Congreso pola provincia da Coruña de Carlos Etcheverría, polo PSP de Galicia, nas eleccións xerais de 1977.



Cartel da Unión de Centro Democrático coa imaxe do candidato ás eleccións xerais, Adolfo Suárez, presidente do Goberno. 1977.



Cartel do PSOE coa imaxe do candidato Felipe González, insistindo na liberdade e responsabilidade do voto nas eleccións xerais de 1977.



Mitin na Coruña do Partido Comunista de Galicia.
12 de xuño de 1977.

UNHA ALTERNATIVA DEMOCRÁTICA E SOCIALISTA PRA GALICIA

GALICIA E A LIBERTÁ

santiago alvarez



A LIBERACIÓN DA MULLER

victoria díaz cabanelo



POLA UNIÓN GALEGA

enxet guerreiro

O COMPROMISO DOS
CRISTIÁNS

nicanor acosta



SOCIALISMO NA
DEMOCRACIA

rafael bares

A ALIANZA DAS
FORZAS DO TRABALLO
E DA CULTURA

roa maria castro paz



O PROBLEMA GALEGO.
HÖNE

rafael pillado



PALABRAS DE CLAUSURA

xoaquín gonzález

XOVES, DÍA 9 ÁS 8 DA TARDE

NO POLIDEPORTIVO DE RIAZOR
- A CORUÑA -

ENTRADA LIBRE

Mitin celebrado o 9 de maio de 1977 polo PCG na Coruña onde presentaba os candidatos ás eleccións que se celebrarían seis días despois.



Cartel da UCD xogando co acrónimo das mesmas siglas da organización para pedir o voto favorable á aprobación da Constitución en 1978.

Cos comunistas
no Axuntamento:
**AS CONTAS
CLARAS**



Rafael Báñez,
abogado.

HONESTIDADE, EFICACIA, TRANSPARENCIA

PCG Partido
Comunista
de Galicia

Tríptico do PCG de presentación de toda a candidatura polo Concello da Coruña ás eleccións municipais de 1979 coa imaxe na portada do cabeza de lista, Rafael Báñez.



Díptico e panfleto das candidaturas municipais do 3 de abril de 1979 do Bloque Nacional Popular Galego (BNPG).

Inés Rey García
Alcaldesa da Coruña

Comisariado da exposición
Emilio Grandío
Miguel Gutiérrez

Fondos documentais e gráficos
Colección privada Miguel Gutiérrez

Coordinación científica e documentación
Grupo de investigación HISPONA

Deseño da publicación
Urdime


Impresión
AG Agencia Gráfica

Depósito legal
C 1528-2021

© Da edición: **Concello da Coruña**

Habla, pueblo.

Para que calle la demagogia.



REFERENDUM: 15 DICIEMBRE

TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Cartel de propaganda institucional reclamando o voto positivo no referendo sobre a Reforma Política do 15 de decembro de 1976.
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.

15 DE DICIEMBRE

TE QUIEREN DAR:

REFORMA

POR

DEMOCRACIA



**ABSTENCION
¡NO VOTES!**



**JUVENTUDES
SOCIALISTAS**



EXIJAMOS

- ★ **ELECCIONES
LIBRES**
- ★ **LIBERTADES
DEMOCRATICAS**
- ★ **DERECHO A
VOTO A PARTIR
DE LOS 18 AÑOS**

TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Cartel publicado en Madrid en decembro de 1976 polas Juventudes Socialistas (PSOE), chamando á abstención na votación sobor a Lei de Reforma Política.

Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.



REFERENDUM SIN LIBERTADES
NO ES DEMOCRACIA

TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Pasquín de autor descoñecido a favor da abstención no referendo sobre a Reforma Política que se celebraría o 15 de decembro de 1976.
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.



PRA NADAL
TODOS
NA CASA!

TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Cartel de decembro de 1976 sobre as mobilizacións a favor do retorno dos presos políticos.
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.



**ISTE HOMÉ É UN
PERIGRO PUBRICO**

TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)


Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Cartel do Movemento Comunista de Galicia (MCG) (1977) facendo referencia a Manuel Fraga, na súa consideración de Ministro de Gobernación.

Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.

llibertat
d'expressió



TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Cartel de Jaume Pedrós (1977) sobre a liberdade de expresión, publicado a raíz do xuízo ó grupo Els Joglars, pola obra 'La Torna' na que se suxería que as mortes de Puig Antich e Heinz Chez foran crimes de Estado.

Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.



TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Caixa de mistos de resina feita como propaganda do Partido Comunista. Por un lado pode verse o logotipo do partido e polo outro a faciana de Dolores Ibárruri, 'la Pasionaria'.
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.

GALEGA: SEBEMOS QUE TI PODES SER OUTRA COUSA



VOTA

E

UNIDADE SOCIALISTA GALEGA
P.S.O.E. - HISTORICO

TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Cartel de petición do voto para o PSOE (Histórico), fundado por Rodolfo Llopis en 1972, nas eleccións xerais de 1977.
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.



Seat 850 - Transición española (1975-1978)

TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Recreación dos coches preparados para as primeiras eleccións, en 1977, que repartían propaganda lanzándoa polas fiestras mentres facían proclamas por megafonía.

Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.

LEGALIZACION PARTIDOS OBREIROS

AMNISTIA TOTAL

AUTODETERMINACION



TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Adhesivo de principios do ano 1977 da Organización Comunista de España, de orientación maoista, pedindo liberdades democráticas elementais.

Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.

[QUE DESCARÓ] DESPÓS DE MOITOS ANOS DE DESUSO, OS TERMÍNS POLITICOS PERDERON NO NOSTRO PAÍS O SEU SIGNIFICADO. E IQUI CHAMÓBELLE "MOVIMIENTO A ALGO QUE NON SE MOVE", A DEMOCRACIA ENGADÍRONLLE A PALABRA "ORGÁNICA" E A CONVERTÍRON EN AUTOCRACIA... NON PODE ASÍ EXTRAÑARNOS QUE MOITA XENTE SE PREGUNTE HOJE:

[Varemos la revolución pendiente!... ¡que se democratice Europa!]

¿QUE É A DEMOCRACIA?

EU, CAS MIÑAS LIMITACIÓNS PROPORCIONO AGORA EXPLICARVOS EN POUCAS PALABRAS O QUE TEMOS QUE CONQUERIR PRA QUE PODEAMOS DECIR QUE TEMOS unha democracia



TEMOS QUE ABRIR A ÚLTIMA PORTA QUE NEGUE A LIBERTADE OS HOMES QUE LOITARON PÓLOS NOSTROS DESELTOS, A TRÁVERO DA AMNISTIA



TEMOS QUE ACABAR CA "DEOCRACIA" E COMENZAR A **elexir os nosos representantes** PRA TODOLOS CARGOS PÚBLICOS.

¿VAI CON SELLO?



TEMOS QUE CONQUERIR UNS **sindicatos dos traballadores** AUTENTICAMENTE REPRESENTATIVOS DOS NOSTROS INTERESES, E OS **dereitos de asamblea e folga** PRA PÓDELOS DEFENDER.



PRA PÓDER PARTICIPAR NA VIDA DO NOSTRO PAÍS, TEMOS QUE AGADAR OS DEREITOS MÍNIMOS DE **LIBERTADE DE EXPRESION** PRA QUE TODOS PODEAMOS DECIR O QUE PENSAMOS E QUEREMOS **LIBERTADE DE REUNION** PRA PÓDER DISCUTIR ESES PENSAMENTOS E DESELTOS, E A **LIBERTADE DE ASOCIACION** PRA PÓDELOS DEFENDER.



TEMOS QUE LOGRAR ROMPER CA LARXA TRADICION DE QUE SE DECIDA POR NOS DESDE MADRID -CASI SEMPRE XENTE QUE DESCONOCE OS NOSTROS PROBLEMAS- PRA ELO COMPRE A CONSECUCION DUN **REXIMEN DE AUTOGOBERNO**

PRA GALICIA QUE PERMITA DESENVOLVER UNHA INDUSTRIA ADORDE CA NOSTRA NECESIDADES, ELEVAR O NIVEL DE VIDA, ACABAR CA EMIGRACION E DESENVOLVER A NOSTRA CULTURA.



TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Cartel didáctico do Partido Comunista de Galicia de 1977 sobre o significado da democracia.
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.



TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA


DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Pegatina editada pola organización de ultradereita Fuerza Nueva, facendo alusión irónica á etapa de Adolfo Suárez como membro da "Secretaría General del Movimiento Nacional".
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.

¡Viva a Convención Republicán
de Galicia!



Galugos:
batemos pola nova lexis,
batemos pola República.

TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Bono de axuda editado en 1978 pola convención republicana, organización vencellada ao Partido Comunista de España (marxista-leninista).

Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.

U
X
M

SUAREZ: MENOS TEMERO
A UN JOVEN INTENTANDO
PROTESTAR TIRO AL
AIRE?

PERO A
DEMOCRACIA...

EL AMEAZADO
NOVAS Y AL
TALEGO CON
EL ROJO

FOR

MAIS LIBERTADE

MENOS POLÍCIA

TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Mural realizado por integrantes da Unión de Xuventudes Maoístas na Coruña en oposición ao estatuto de centros da UCD. Rua Torreiro, 1978.

Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.



NON O ESTATUTO DE CENTROS
DA UCD



TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Mural realizado pola Unión de Xuventudes Maoístas na praza de
Pontevedra da Coruña. 1978.
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.

1978

ENERO

						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

MARZO

		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

FEBRERO

			1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12	
13	14	15	16	17	18	19	
20	21	22	23	24	25	26	
27	28						

ABRIL

					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

MAYO

1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

JUNIO

		1	2	3	4
5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28
29	30	31			

JULIO

				1	2
3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31	

AGOSTO

		1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13	
14	15	16	17	18	19	20	
21	22	23	24	25	26	27	
28	29	30	31				

SEPTIEMBRE

			1	2	3
4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27
28	29	30			

OCTUBRE

		2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15		
16	17	18	19	20	21	22		
23	24	25	26	27	28	29		
30	31							

NOVIEMBRE

		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

DICIEMBRE

			1	2	3
4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27
28	29	30	31		



TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Calendario de parede para o ano 1978 editado polo Partido do Traballo.
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.



Ningún voto de izquierdas
para una constitución
de derechas

abstención




MCA
MOVIMIENTO COMUNISTA

TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Cartel do Movemento Comunista solicitando a abstención no referendo
da Constitución. 1978.
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.

Este es un juego muy serio.

Participa, para que cuenten contigo



Porque un ayuntamiento debemos hacerlo entre todos estando presentes en él, trabajando desde él, y solucionando sus problemas.

En esta lámina está representado tu ayuntamiento y alguno de tus vecinos.

Siguro que si te pones a pensar un poco adivinarás quienes son y podrás jugar con ellos; y llamarlos por su nombre.

Recorta el edificio y

las figuras, dóblala, colócala amarilla y pégalas sobre una cartulina alrededor del Ayuntamiento, porque tu nuevo Ayuntamiento sin ellos (y sin ti) sólo sería un edificio vacío y apenas serviría para nada.

Júrgale a hacer tu pueblo más hermoso cada día y a dotarlo de las cosas que le hacen falta.

Haz hablar a tus vecinos, y pon tu Ayuntamiento en marcha.

Partido del Trabajo
Organización Revolucionaria de Trabajadores

TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Campaña conxunta do PTE e a ORT, pouco tempo despois fusionadas,
para pedir participación nas eleccións municipais do 3 de abril de 1979.
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.

**SI QUERES CAMPOS
DEPORTIVOS,
METELLES UN GOL.**



Entra no Axuntamento.

VOTA  **PCG**

TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Campaña intensa e moderna dos candidatos municipais do Partido
Comunista de Galicia. 1979.
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.



TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021

Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Pegada de carteis na rúa Francisco Mariño na Coruña. Campaña para
as eleccións xerais de 1979.
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.